

Jordi BORJA: *La Ciudad Conquistada*. Madrid. Alianza Ed.; 2003.
David HARVEY: *Espacios de Esperanza*. Madrid. Akal Ed.; 2003.

Jordi Borja e David Harvey son dous dos xeógrafos máis recoñecidos da actualidade. Os seus últimos libros analizan a situación actual das cidades dende diferentes perspectivas e propoñen novas formas de entender o urbanismo, as cidades, e a configuración global das mesmas. Neles podemos ver as súas ideas sobre as distintas formas de innovación e intervención urbanística, así como debates críticos sobre as actuacións realizadas neste ámbito, todo isto cun transfondo global e dende diversos campos, como poden ser a socioloxía, a xeografía ou a política.

Respecto ó primeiro libro, *La Ciudad Conquistada* de Jordi Borja, é herdeiro do anterior libro do autor, *L'espai públic: ciutat i ciutadania* (Diputació de Barcelona, 2001), do que rescata os conceptos principais para este, frecendo unha visión da vinculación entre espacio público, cidade e individuo. Deste xeito, aquí explica mellor as ideas acerca do espacio público en relación coas políticas urbanísticas, cos usos sociais do mesmo, cos espazos políticos, etc. Ademais das ideas que verte o autor, atopamos ó final de cada capítulo uns “boxes”, esto é, uns pequenos artigos de diferentes colaboradores que nos ilustran sobre o explicado en cada sección. Estes “boxes” nos axudan a visualizar en casos concretos as diferentes dimensións da cidade, sendo de gran utilidade á hora de contrastar as ideas do autor en cidades que coñecemos, vendo a aplicación práctica dunha teoría determinada.

Ó longo de sete capítulos o autor nos amosa as diferentes dimensións da cidade e fai un percorrido pola teoría urbanística analizando os principais axentes que nela inflúen. Así no primeiro capítulo nos achega ó concepto “cidade”, os ámbitos de actuación nela, as diferentes disciplinas que dela se ocupan, etc. No segundo xa nos adentramos nun dos temas básicos deste libro, as dimensións da cidade. Para Borja a cidade ten tres dimensións que poden actuar separadas ou interactuar entre elas, e é necesario ter en conta as tres á hora de planificar cambios na mesma. Estas tres dimensións serían a cidade onde se vive, a cidade onde se traballa e a cidade á que a xente vai para un consumo específico. Aparte, temos tres tipos de cidade, a “oficial”, administrativa, a “real” e a “ideal”.

No terceiro capítulo temos un tema de actualidade, a cidade como produto e polo tanto, as estratexias de márketing urbano que se necesitan para

levar a cabo as melloras do espacio. En relación con este tema, explica as tendencias do urbanismo actual de unir a planificación urbana con algún tipo de evento como poden ser uns Xogos Olímpicos, por exemplo. No cuarto apartado o autor nos adentra no que é o tema principal do libro, a cidade como espacio público, entendendo por tal todo aquel espacio no que a xente se encontra. O espacio público ademais é unha condición básica para a existencia da cidadanía, vista esta coma un status adquirido do individuo. Asemade, tamén fala dos “non lugares” e da súa potencialidade como espacio público.

Tendo como premisa básica o exposto anteriormente, no quinto capítulo xa fala en termos de urbanismo expoñendo os novos retos que a cidade do século XIX asume, sendo a cidade metropolitana o modelo a seguir polo novo urbanismo, e a produción do espacio público a premisa básica que defender. No sexto capítulo xa entramos na análise dos diferentes actores que inflúen no desenvolvemento urbano, isto é os niveis público, privado e político: de como estes actores teñen a necesidade de poñerse en común para levar a cabo unha boa planificación que supoña un auxe da urbe e unha boa calidade de vida na mesma. Aquí analiza ademais os espazos da cidade en termos de clase social, xénero e idade, propoñendo unha planificación específica destes espazos en relación co conxunto da poboación e non só dende unha perspectiva masculina, como, segundo explica o autor, ven sendo dada historicamente

Por último, o sétimo capítulo ofrece un ensaio sobre a cidade e a globalización, no que atopamos referencias ás novas tecnoloxías e á súa importancia nesta sociedade. Así como unha serie de dereitos que o cidadán debe acadar entre os que destacaría o dereito á vivenda, ó espacio público e o dereito á accesibilidade e mobilidade dentro das cidades. Para rematar, o autor fai “epílogo ciudadano” que resume o exposto no libro e que se pode sintetizar na idea do dereito á cidade como deber de transformar o mundo.

Pasando agora a David Harvey, ó longo das súas obras podemos ver como resulta moi acertado o feito de levar a análise das teorías marxistas coa fin de explicar o capitalismo actual. Este libro non é unha excepción. *Espacios de Esperanza* concíbese a raíz do 150 aniversario da publicación do *Manifiesto Comunista*, e o que atopamos é unha reflexión en clave espacial do mesmo e a súa extrapolación ó mundo actual.

Harvey divide esta obra en catro partes. Na primeira céntrase na análise das evolucións xeográficas do capitalismo, a análise das obras marxistas en relación co espacio e a concentración do capital, das forzas productivas e de traballo en áreas xeográficas determinadas ó longo do século XX. A idea

principal que podemos sacar aquí é que o capitalismo é unha cuestión profundamente xeográfica xa que a acumulación do capital se concentra en áreas determinadas que á súa vez son os centros de concentración do poder. Pero sobre todo hai que ter en conta que o espacio, e dentro del a cidade, está en constante proceso de transformación. De aquí ven que as características do capitalismo creara desenvolvementos xeográficos desiguais.

Na segunda parte céntrase máis na persoa como axente inserido en procesos sociais. Mediante a análise das diferentes correntes de pensamento do século pasado, podemos ver as teorías que tentan explicar o papel do individuo dentro do capitalismo para chegar ó papel do mesmo nas loitas sociais dos traballadores por acadar un salario digno. Como nexo de unión coa seguinte parte da obra, explica os movementos que tiveron lugar na cidade metropolitana de Baltimore para acadar esta fin.

Na terceira parte, se cadra a máis interesante do libro, fai un exhaustivo exame de Baltimore como espacio da utopía. Esta cidade é un exemplo do que o autor chama “novo urbanismo”, isto é, a volta ás comunidades, a caracterización dunha zona como diferente do resto. Neste apartado fai un percorrido polas diversas políticas urbanísticas que se levaron a cabo nesa cidade e que tiveron resultados moi diferentes na súa aplicación práctica. Así, cada zona transformada constitúe unha nova utopía, un novo espacio de esperanza. Pero a realidade política está marcada pola lóxica do capitalismo e os resultados non sempre son os axeitados. Temos entón os exemplos que pon sobre as zonas máis desfavorecidas, o proceso de “gentrification” que se está levando a cabo, e a tendencia crecente da expansión suburbana de calidade.

Para Harvey, cada política e cada planeamento programado constitúe no principio unha utopía. A parte negativa desto é que estas utopías non son creadas polos habitantes, senón polos políticos, promotores inmobiliarios e empresas, co cal, case sempre se impón a lóxica capitalista. En base ó exposto en esta parte, o autor remata na cuarta cunha serie de propósitos para poder cambiar o mundo actual. Céntrase na figura do “arquitecto insurxente”, figura que sempre estivo ligada á búsqueda de ideais utópicos. Pero este arquitecto insurxente está condicionado pola súas características individuais. A cuestión aquí é que non se pode pretender transformar o mundo sen cambiarse a un mesmo. Fai falla, segundo Harvey, un proxecto radical para modificar as tendencias do mundo actual, pero tendo en conta que primeiro hai que estar preparados para ese salto, isto é, hai que desfacerse do papel socialmente elaborado sobre o que se actúa.

En definitiva, este libro non só nos explica cunha perspectiva moi interesante como foi a evolución dos movementos urbanísticos, senón que tamén

nos amosa que hai que buscar ou construír novos “espacios de esperanza”, novas utopías, para que se poda chegar a cambiar o mundo, e para eso hai que actuar como axentes sociais que somos e tamén como individuos illados na nosa propia realidade.

A modo de conclusión, podemos ver como autores con traxectorias diferentes, coinciden na idea de que outro urbanismo é posible e que os espacios públicos son os lugares onde este se comeza a construír. Esta idea aparece nos dous libros, se ben a perspectiva ofrecida por Jordi Borja ven dada dende as estratexias de márketing urbano e dende a súa visión como técnico urbanista, mentres que a de David Harvey é máis académica e se centra máis nas consecuencias das políticas levadas a cabo. E é esta dobre perspectiva a que nos permite ter unha visión máis completa de cara onde pode avanzar a cidade.

Marisa LÓPEZ SCHMIDT